

CÓDIGO ÉTICO MILITANTE



XESTA

ORGANIZACIÓN ANARQUISTA GALEGA





ÍNDICE

- 5 **Introdución**
- 8 **Sentido e función do Código Ético Militante**
- 9 **Principios éticos xerais da militancia**
- 10 **Ética dentro da organización**
- 11 **Ética na relación con outras organizacións**
- 12 **Ética na intervención social e nas fronteiras de loita**
- 14 **Epílogo**



INTRODUCCIÓN





SENTIDO E FUNCIÓN DO CÓDIGO ÉTICO MILITANTE

O obxectivo deste documento é escolmar os principios éticos do noso existir nun código militante integral e integrador, nacido da reflexión colectiva a partir da práctica militante, para acadar unha transformación individual e colectiva, na procura da necesaria coherencia entre as prácticas da militancia, tanto no plano individual como no colectivo, cos valores, principios e métodos que afirmamos defender.

Para lograr tal obxectivo, estes compromisos éticos non se limitan só á nosa participación dentro da organización, senón que pretenden abranguer o conxunto das nosas militancias e, máis aló, todos os eidos da nosa vida. Entendemos o código ético como unha guía para vivirmos de maneira coherente cos valores que defendemos, facendo extensiva a práctica anarquista á totalidade das nosas relacións sociais. A transformación social non pode estar desligada da transformación persoal, polo que o combate contra todas as formas de opresión e explotación debe darse tamén nos espazos familiares, afectivos, laborais, educativos ou de lecer.

Como anarquistas, aspiramos a que principios como a horizontalidade, a responsabilidade, a solidariedade ou o apoio mutuo impregnen tamén as nosas prácticas cotiás, sen trasladar a lóxica organizativa a todos os ámbitos da vida, pero si recoñecendo que a coherencia entre pensamento, palabra e acción é imprescindible para construímos un mundo novo dende o presente.

A ética militante non se entende aquí como unha esixencia de exemplaridade moral nin como a procura dunha militancia perfecta, senón como unha condición estratéxica imprescindible para construír organizacións e movementos capaces de acumular forzas, xerar confianza colectiva e impulsar procesos reais de transformación social. Sen prácticas éticas coherentes non é posíbel construír espazos de masas nin poder popular sostido no tempo.

Non podemos esquecer que temos sido educades nun sistema de opresión e dominación, polo que cumpre estar sempre alerta para identificar e mudar prácticas nas que temos sido formades, para non reproducirmos actitudes racistas, homófobas, machistas ou outras formas de opresión e autoritarismo.

Resulta así fundamental a implementación de mecanismos de crítica e autocrítica, no marco dunha cultura organizativa non punitiva. Ante os diferentes problemas e contradicións que atoparemos no camiñar na loita, será preciso superalos. O exercicio da crítica e do debate constitúen ferramentas organizativas de grande importancia, non como mero exercicio intelectual, senón no marco real da construción dun suxeito de transformación social nos procesos cotiás de loita, dotando á clase traballadora de ferramentas efectivas contra o sistema de dominación e explotación, para a súa propia emancipación.

Neste sentido, estes mecanismos éticos responden a unha dupla función:

- Control e equilibrio do poder na organización, evitando a concentración e promovendo a participación e a acción en pro do interese común.
- Fomento da reflexión continua e profunda en consonancia cos valores que defendemos: fraternidade, respecto, asertividade, compañeirismo.

Esta dupla función reflíctese á súa vez nunha dobre posición: interna e externa; e individual e colectiva. Ambas están fondamente entrelazadas, consti-

tuíndo os fíos que, tecéndose entre si, conforman unha forte corda que permite a firmeza que asegure a coherencia no noso actuar, individual e colectivo.

Para favorecer a comprensión e aplicación práctica deste código, distinguimos entre:

- Principios éticos xerais da militancia.
- Ética dentro da organización.
- Ética na relación con outras organizacións.
- Ética na intervención social e nas fronteiras de loita.

A large, faint red watermark of a floral design, possibly a rose, is centered in the background of the page. The text is overlaid on this watermark.

PRINCIPIOS ÉTICOS XERAIS DA MILITANCIA



A militancia ética implica recoñecer e respectar a diversidade de opinións, traxectorias e contradicións tanto dentro da organización como nos espazos políticos nos que participamos. Rexeitamos o sinalamento e o xuízo moral como ferramentas de relación, apostando polo diálogo horizontal, a escoita activa, a empatía e os coidados como bases para resolver conflitos e abordar incoherencias. Os disensos políticos forman parte inherente da vida organizativa e non deben ser interpretados nin xestionados como conflitos persoais. Do mesmo xeito, as diferenzas persoais non deben ser empregadas como escusa para bloquear ou deslexitimar debates políticos necesarios.

Fuximos das posicións de superioridade moral ou ideolóxica, entendendo que todas as persoas estamos nun proceso continuo de aprendizaxe e transformación. Esta práctica ético-política esténdese tamén cara á otredade política externa, apostando por relacións baseadas no respecto mutuo, mesmo nas diferenzas, sen renunciar á firmeza nas posicións nin á crítica, pero afastándonos das dinámicas sectarias e excluínates. A humildade, a autocrítica e o coidado colectivo son elementos fundamentais para construír prácticas políticas máis xustas e sostibles.

Por isto, cunha ollada feminista, de xeito transversal e non só interseccional, a análise de xénero fará parte deste código ético e do actuar da militancia, con protocolos de actuación ante a violencia e a agresión machista, mais tamén detectando condutas e valores que perpetúan as distintas formas de opresión, pero sinaladamente as vellas identidades e roles patriarcais.

Apelamos tamén á responsabilidade e confrontación coa cultura do consumo, asumindo que a construción de espazos politizados esixe responsabilidade individual e colectiva, así como respecto mutuo e coherencia co proxecto emancipador que se defende. As dinámicas de consumo –incluíndo o uso de drogas como o alcohol e o tabaco– forman parte do modelo social capitalista e alienante que cómpre confrontar, polo que se entende que nos espazos de organización e decisión política non se consumen, garantindo condicións de participación activa, dispoñibilidade e coidado do colectivo. Ao mesmo tempo, compréndese que a dependencia é unha realidade que debe ser tratada con sensibilidade e non con xuízo, promovendo unha actitude coidadosa e atenta ás diversas circunstancias, sen imposicións moralistas nin prácticas excluíntes.

A autonomía individual é un principio fundamental, mais só cobra pleno sentido no marco da responsabilidade común e do respecto aos acordos colectivos libremente asumidos. A liberdade militante non pode entenderse como allea ás consecuencias colectivas das nosas prácticas, nin como xustificación para desatender compromisos compartidos



ÉTICA DENTRO DA ORGANIZACIÓN



Entendendo que só nun contexto horizontal de desenvolvemento colectivo será posible o desenvolvemento individual, as persoas militantes son exemplo do mundo novo que pretendemos construír, polo que cumpre avaliar de xeito continuo as nosas prácticas e modos de nos relacionar, co gallo de prever calquera relación de dominación, abuso ou maltrato, prestando especial atención ao resto de discriminacións.

Na propia organización e respecto aos compañeiros, apuntamos os seguintes trazos da conduta ética da militancia de Xesta:

- **Formación e transformación individual e colectiva:** a formación ideolóxica constante permítenos a reflexión permanente na procura da coherencia entre pensamento, palabra e acción.
- **Humildade e apertura á crítica,** recoñecéndonos como suxeitos de cambio, para o que debemos problematizar as nosas condutas, reconducindo o protagonismo individual ou personalismo ao servizo do ben común e o fortalecemento das estruturas colectivas.
- **A crítica e a autocrítica** constitúen ferramentas fundamentais para o desenvolvemento político e organizativo da militancia, e deben entenderse como prácticas colectivas orientadas á mellora das nosas

dinámicas, e non como mecanismos de sinalamento, culpabilización ou exercicio de superioridade moral.

- A militancia ética implica exercer a crítica de maneira responsable, argumentada e construtiva, así como asumir a autocrítica con disposición á escoita e á revisión das propias prácticas, evitando tanto as críticas destrutivas ou personalistas como os silencios cómplices que perpetúan dinámicas de dominación ou desgaste colectivo, todo isto no marco dunha cultura organizativa coidadosa.
- Facilitar a integración, participación e desenvolvemento nos procesos de debate na organización, promovendo unha moral política baseada na horizontalidade e a liberdade, no que se promova eficazmente a creatividade e o fortalecemento de vencellos de afinidade que conduzan á cohesión.
- Promover o compromiso militante e a autodisciplina dende a responsabilidade individual e colectiva no cumprimento dos acordos adoptados, recoñecendo as potencialidades, temperamentos e singularidades das compañeiras, dando espazo onde sexan recollidas todas as ideas, facendo accesibles os ritmos e canles do colectivo.
- Potenciar un enfoque antipunitivista e contrario á cultura do castigo, mediante unha axeitada xestión do disenso na dinámica das asembleas, pero tamén no que atinxe á toma de decisións, a comunicación a xestión emocional e o autocoidado, desde a axuda mutua e o respecto ás persoas que forman parte de organización.
- Cultivarmos un espírito de fraternidade, comunicación, respecto e apoio mutuo, priorizando a construción colectiva en troques das prácticas voluntaristas, mediante o compromiso activo tanto nas tarefas de índole interna como nas tarefas externas, sen mentorías nin paternalismos.
- A militancia ética implica tamén identificar e evitar prácticas que erosionan a democracia interna e a confianza colectiva, como o consenso por desgaste, os vetos pasivos, a imposición de posicións non hexemonizadas, a toma de decisións en espazos informais substitutivos dos órganos colectivos, a rumoroloxía ou o personalismo



**ÉTICA NA
RELACIÓN
CON OTRAS
ORGANIZACIONES**



A nosa participación e intervención, coherente cos nosos obxectivos e principios, debe dirixirse ao fortalecemento da organización e da coordinación cunha fonda convicción antiautoritaria, combatendo cunha actitude propositiva, sen dogmatismos pero sen medo, as prácticas que reproducen formas de dominación, explotación e discriminación.

A creación de espazos conxuntos, diversos e plurais de loita require acadar acordos, mais tamén denunciar o seu incumprimento e combater a burocratización e a cooptación, facendo de estes espazos unha ferramenta útil e revolucionaria. Fomentar a participación da maioría, evitará a accións de elites políticas e/ou intelectuais que podan dirixir os espazos compartidos.

A nosa honestidade na visibilización e confrontación con outras tendencias políticas, con transparencia nas intencións e procedencia, fará posible a esixencia da mesma ao resto de participantes, dende o respecto pero sen temer á confrontación de posibles derivas institucionais e autoritarias.

Por último, construír consenso dende o acordo común non pode significar o abandono dos principios, polo que é preciso, ante situacións de desacordo, diverxencia política ou falta de conduta ética por individuos ou grupos, non

só denunciar senón tamén contextualizar as críticas e divulgar e facer avanzar as nosas propostas, con serenidade e sen dogmatismos, diferenciando as diverxencias de principios das diferencias estratéxicas ou tácticas.

A nosa intervención nas fronteiras amplas de loita debe orientarse a traballar pola hexemonización das ideas e prácticas emancipadoras, e non pola súa imposición. Hexemonizar implica contribuír a que estas ideas sexan asumidas como propias polos espazos colectivos a través do debate aberto, a participación real, a pedagogía política e a experiencia compartida de loita. Este proceso require tempo, escoita e paciencia, e debemos ser conscientes de que os consensos sólidos adoitan ser lentos, mais tamén máis profundos e duradeiros, xerando froitos políticos a longo prazo.

Neste sentido, a militancia ética rexeita a creación de consensos artificiais ou forzados, xa sexa por desgaste, por aborrecemento, por presión implícita ou pola inhibición do debate. Forzar acordos sen un convencemento colectivo real debilita os espazos de loita, erosiona a confianza e limita a capacidade transformadora dos movementos. Apostamos, pola contra, por procesos democráticos que respecten os ritmos colectivos e permitan a maduración consciente das decisións.



**ÉTICA NA
INTERVENCIÓN
SOCIALES NAS
FRONTES
DE LOITA**



A nosa aposta polo dualismo organizativo parte do convencemento de que a loita revolucionaria require tanto espazos específicos como fronteiras sociais amplas. A militancia dual –participación tanto na Organización Anarquista Galega como noutras organizacións sociais ou de masas– é, para nós, unha responsabilidade colectiva, mais non obrigatoria. Entendemos que cada militante decide individualmente en que espazos se implica alén da organización específica, segundo a súa realidade vital, intereses e posibilidades. Este código ético non pretende uniformizar as estratexias de inserción social nin establecer directrices sobre onde e como se debe militar fóra da Organización Anarquista Galega. A organización non decide colectivamente en que espazos debe militar cada persoa, senón que recoñece e respecta a decisión individual consciente, fomentando unha ética de compromiso e coherencia que se poida aplicar con liberdade en cada contexto de loita. Con todo, as directrices a seguir neste traballo e proceso de hexemonización son:


- Recoñecemos e aceptamos a participación en igualdade con outras opcións, aportando experiencia, capacidade de organización e dimensión revolucionaria á loita.

- A experiencia de loita compartida constitúe un espazo de aprendizaxe do funcionamento do sistema de explotación e opresión, convertendo a nosa participación tamén en facilitadora dese entendemento, articulando de xeito sistemático e estrutural, superando as loitas concretas nun marco de emancipación de clase e xerando as condicións favorables para derrubar o sistema capitalista.
- A conduta da militancia é unha fiestra aberta á organización, representa a súa imaxe e permite que as súas propostas sexan escoitadas con maior atención e medre a capacidade de tecer redes. A creación de espazos colectivos que sexan agradables, que respecten as realidades e limitacións de cada persoa, e que estimulen a participación activa, permite a maior implicación nos espazos de debate e toma de decisión.
- Lecer consciente e prácticas de socialización transformadoras, superando dinámicas centradas na lóxica do consumo e fomentando formas de relación que reflectan os valores dun proxecto emancipador. O lecer enténdese como un espazo político e comunitario, que debe alimentar a autonomía, a creatividade e os vínculos de solidariedade. Aposta por unha cultura militante afastada da evasión e do escapismo, ancorada na responsabilidade, na sensibilidade ante as realidades diversas e nun compromiso político sostido como parte inseparábel dunha ética revolucionaria coherente.
- O uso dunha linguaxe sinxela, accesible, clara e directa, evitando excesos de terminoloxía só dominada por iniciades, facilitará a participación e evitará o afastamento de moitas persoas ou que fiquen convertidas en meras “usuarias”, perdéndose así potencial revolucionario. Canto maior sexa a participación, máis democráticas son as estruturas.
- A defensa e demostración cotiá da efectividade da independencia política, garantindo a autonomía e a autoxestión, supón o empoderamento na práctica da capacidade popular como axente de mudanza, facendo da acción directa unha realidade, non só un discurso, e xerando a “institucionalidade” popular que permita

acadar as condicións favorables para as accións de ruptura na acumulación de forzas capaz de transformar a realidade.

- A práctica cotiá é tamén unha ferramenta de propaganda polo que a participación, a vivencia da loita compartida e a convivencia permitirá construír vencellos de complicidade e achegar a novas persoas á loita.
- A honestidade e transparencia de intencións das militantes son fundamentais para fortalecer a confianza e cohesión nos espazos de loita. A coherencia entre o discurso e a práctica garante que as relacións dentro dos movementos se baseen no respecto mutuo e na ausencia de dinámicas oportunistas ou instrumentalizadoras. A claridade nos obxectivos e nos métodos permite que a participación sexa consciente e comprometida, evitando ambigüidades que poidan derivar en manipulación ou xerarquización encuberta. Só mediante unha actitude franca e leal cara nós mesmas e cara ás persoas coas que compartimos espazos de organización e confrontación poderemos construír dinámicas colectivas sólidas e emancipadoras.

EPÍLOGO





Entendido do xeito apuntado, o presente documento persegue ser ferramenta útil en permanente proceso de revisión, no camiño de que as bases teóricas permitan unha efectiva actuación na realidade, cunha convicción ideolóxica afianzada pola práctica cotiá nas loitas populares, nas que a ética e a conduta militante informen as nosas prácticas políticas, organizativas e persoais, forxándose e cualificándose como froito da constante reflexión, crítica e autocrítica, e da participación activa nas loitas cotiás.

A ética militante aquí formulada non pretende pechar respostas nin establecer dogmas, senón servir como guía viva para a aprendizaxe colectiva, asumindo que non estamos exentas de reproducir dinámicas que combatemos e que só mediante a reflexión compartida, a crítica e a autocrítica poderemos mellorar as nosas prácticas políticas e organizativas.

